

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA - BOIRO

Este ano o Concello de Boiro organiza unha andaina popular para conmemorar o "Día internacional da Muller Traballadora".

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal. Na actualidade todas as institucións, na que quere incluírse tamén o Concello de Boiro, veñen realizando esforzos por garantir o dereito das persoas a non sufrir discriminación por razón de sexo.

Dende a concellería de Servicios Sociais de Boiro que dirixe Beatriz Deus pensouse en organizar este ano con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller Traballadora unha nova actividade que facilite a participación familiar, por elo centraremos os **actos no vindeiro domingo día 13:**

12:00 h Lectura do manifesto institucional na Praza do Concello

12:10 h Saída da marcha popular

Esta andaina de pequeno percorrido para o público en xeral sairá dende a praza do Concello pola rúa Principal baixando pola Avda. Compostela hacia o paseo marítimo de Barraña para logo subir pola rúa Avellaneda, Avda. Constitución, rúa peonil e regresar de novo a praza do Concello onde serán recibidos cunha actuación musical por parte da Banda Municipal.